

CIRCULAR INFORMATIVA  
n.º 2\_2023/24

De:	Dirección
Para:	Persoas proxenitoras
Data:	Mércores 25/outubro/2023
Asunto:	Conmemoración do Samaín e do Magosto

Prezadas familias

O vindeiro **martes 31 de outubro de 2023** o alumnado e o persoal do centro celebrarán conxuntamente as festividadeas do **Samaín e o Magosto** durante o horario lectivo.

- **Para facer o Magosto**, solicitámoslles que cada alumno/a traia unha presa de castañas para seren asadas eiquí. Pregámoslles que veñan adentadas nun dos extremos. Poderán traerse **entre o xoves 26 e o martes 31 de outubro**.
- **Para o Samaín**, permitirase que o alumnado veña disfrazado ese día, sempre e cando sexa con temática do Samaín; ademais, no centro haberá algunha que outra sorpresa que non se pode desvelar (por agora). O equipo docente, sen ben o curso pasado organizamos un concurso de postres, este curso decidimos un... **CONCURSO DE APÓCEMAS MÁXICAS!!!**



- Establécense **2 categorías en cada aula mixta**, a saber:
  - A **APÓCEMA MÁXICA MÁIS ORIXINAL**
  - A **APÓCEMA MÁXICA MÁIS TERRORÍFICA**
- Outros criterios importantes que o xurado terá en conta: será moi importante e valorarase moi positivamente na puntuación o feito de empregar materiais usados/reciclados/de refugallo. Así mesmo, valorarase negativamente aquela elaboración na se que destaque que, como mínimo, a/o alumna/o non tivo unha participación activa.
- Cada apócema deberá incluír un listado (aparte ou no propio recipiente) cos seguintes datos:
  - Contra/Para que serve/é efectiva.
  - A composición (máxica ou non) da propia apócema.
  - (opcional) O conxuro -inventado e en galego- que se debe recitar cando se aplica.
- O xurado estará formado polo equipo docente non titor do curso 2023/24.
- Todo o alumnado participante recibirá un pequeniño agasallo de carácter funxible.
- Ademais, os/as gañadores/as das respectivas aulas e categorías recibirán un agasallo especial.
- O prazo para traer as apócemas será, como para as castañas: **do xoves 26 ás 09:30 horas do martes 31 de outubro**.

Asinado electronicamente en Cesuras

O Director

D. Israel Arranz Carreño

Lugar A Casagrande, 15  
15391 Dordaña (Oza-Cesuras)  
T. +34 881 880 509  
ceip.cesuras@edu.xunta.gal  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcesuras/>

